

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 10 DE NOVEMBRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00050197L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043908D.

Corrección de erro material no Anexo IV. Proposición económica (Arquivo electrónico C) do prego de cláusulas administrativas particulares do expediente de “Obras de acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell”.

Acórdase corrixir o erro material no ANEXO IV. PROPOSICIÓN ECONÓMICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO C) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do expediente Obras de acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell 2022/00043908D, aprobado pola Xunta de Goberno do 07/11/2022 por non corresponderse exactamente coa formulación dos criterios de adxudicación, e en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a subsanación no anexo IV do citado PCAP, de xeito que:

Onde di:

OFERTA ECONÓMICA		
% de baixa	en letra: por cento
	en número: %

Debe dicir:

Oferta económica	en letra: euros
	en número: €

Ampliación do prazo de garantía (Indicar nº de anos completos suplementarios ofertados).....
--

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038547F.

Desistencia do procedemento de adxudicación do contrato de Implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Acórdase:

Primeiro: Desistir, ao abeiro do disposto no artigo 152 da LCSP, do contrato de Implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Segundo: Ordenar que se notifique este acordo aos licitadores que concorreron a este procedemento de adxudicación.

Terceiro: Ordenar que deste acordo se dea conta á Comisión europea mediante a súa publicación no DOUE.

4. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: 2022/00041946W (procedemento MT811A). Aceptación das axudas convocadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda , en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia ano 2022

Acórdase aceptar a axuda convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda obxecto da convocatoria por importe de 12.778,07 euros.

5. DEPORTES. Referencia: 2022/00042223A.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Obradoiro Club de Amigos de Baloncesto S.A.D. para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S. A. D.

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 120.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4790001 do orzamento municipal do ano 2022.

6. DEPORTES. Referencia: 2022/00042225M.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela, ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890011 do orzamento municipal do ano 2022.

7. DEPORTES. Referencia: 2022/00042227F.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Educación e Deporte de Santiago de Compostela (FEDESA), ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 10 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Educación e Deporte de Santiago de Compostela (FEDESA), ano 2022, por unha contía de 25.000 euros.